

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA E PARA AS ADMINISTRACIÓN TERRITORIAIS

15854 *Real decreto 1079/2017, do 29 de decembro, sobre revalorización de pensións de clases pasivas, das pensións do sistema da Seguridade Social e doutras prestacións sociais públicas para o exercicio 2018.*

A Constitución española recoñece como principio orzamentario xeral o principio de anualidade da Lei de orzamentos xerais do Estado. Así, tal e como recorda a xurisprudencia constitucional, da dicción contida no artigo 134 desta extraemos os principios constitucionais que rexen a materia orzamentaria: anualidade, unidade e integridade (STC 3/2003, do 16 de xaneiro, do Tribunal Constitucional, e as que nela se citan). De todos eles, interesa destacar o principio de anualidade; o devandito principio supón que, por expresa disposición constitucional, os orzamentos xerais do Estado teñen a súa vixencia limitada ao exercicio económico para o cal son aprobados, sen que caiba estendelos a un período superior, salvo o caso previsto no punto cuarto. Ese principio xeral de anualidade encontra unha excepción prevista na Constitución española, que prevé unha situación de feito que, aínda que excepcional, é realmente posible, consistente en que, chegado o 1 de xaneiro, non se aprobase a correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado para o devandito exercicio. Neste caso, opera, aínda que non se ditase unha norma con rango de lei, por mandato constitucional a prórroga automática prevista no artigo 134.4 da Constitución española, por canto «se a Lei de orzamentos non se aprobase antes do primeiro día do exercicio económico correspondente, consideraranse automaticamente prorrogados os orzamentos do exercicio anterior ata a aprobación dos novos».

Chegado este caso, ao considerar automaticamente prorrogados os «orzamentos do exercicio anterior», que non a Lei de orzamentos xerais do Estado, tal prórroga orzamentaria automática contida no artigo 134.4 da Constitución española alcanza os créditos para gastos cuxa realización é indispensable para o normal funcionamento do Estado e a ordinaria atención das necesidades colectivas.

Así, nun escenario de prórroga orzamentaria, a revalorización anual das pensións só poderá ser obxecto dunha norma regulamentaria cando a devandita revalorización teña cobertura, en virtude da prórroga, na Lei de orzamentos xerais do Estado do ano precedente, como acontece no presente caso.

Pois ben, pola mesma razón pola que, no marco do principio de legalidade orzamentaria –principio que condiciona o nacemento das obrigas nesta materia ao previsto na Lei de orzamentos xerais do Estado de cada exercicio–, o lexislador orzamentario está obrigado a proceder a un incremento anual das pensións de polo menos un 0,25 por cento establecido na súa normativa reguladora vixente, en concreto nos artigos 58 e 27 dos textos refundidos da Lei xeral da Seguridade Social e da Lei de clases pasivas do Estado, e que é –segundo a xurisprudencia constitucional– unha razón de seguridade xurídica allea a calquera consideración sobre un suposto dereito subxectivo dos pensionistas, debe entenderse que a prórroga orzamentaria segundo o artigo 134.4 da Constitución alcanza a devandita revalorización por canto a Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017, fixou unha revalorización do 0,25 por cento.

Por iso, o Goberno da Nación está habilitado, baixo a cobertura legal que confire a mencionada prórroga, para aprobar unha norma con rango de real decreto en que se proceda á revalorización, nesa mesma porcentaxe, de todas aquelas pensións que teñan legalmente fixado ese incremento anual mínimo.

Este real decreto estrutúrase nun artigo único sobre determinación e revalorización das pensións e outras prestacións públicas que, entre outros aspectos, establece, con

carácter, xeral un incremento nelas do 0,25 por cento, as pensións que serán revalorizadas en 1 de xaneiro de 2018 e aquelas que non sufrirán incremento ningún, así como tres disposicións derradeiras relativas ao título competencial, á habilitación normativa e á entrada en vigor, respectivamente.

Así mesmo, incorpóranse ao texto dous anexos, o primeiro deles referido ás contías de pensións e prestacións públicas aplicables en 2018 e o segundo aos haberes reguladores das pensións de clases pasivas e contías aplicables ás pensións especiais de guerra.

Cabe sinalar que neste real decreto se dá cumprimento aos principios de boa regulación a que se refire o artigo 129 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, a norma é respectuosa cos principios de necesidade, eficacia e proporcionalidade xa que con ela se consegue o fin perseguido, o incremento con carácter xeral do 0,25 por cento das pensións e outras prestacións públicas, e non se trata dunha norma restritiva de dereitos ou que impoña obrigas aos interesados.

Así mesmo, a iniciativa é coherente co resto do ordenamento xurídico tanto nacional coma da Unión Europea, os seus obxectivos encóntranse claramente definidos e non impón novas cargas administrativas, cumprindo así os principios de seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

Na súa virtude, por proposta conxunta do ministro de Facenda e Función Pública e da ministra de Emprego e Seguridade Social, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de decembro de 2017,

DISPOÑO:

Artigo único. Normas sobre determinación e revalorización das pensións e outras prestacións públicas.

1. As pensións aboadas polo sistema da Seguridade Social, na súa modalidade contributiva, así como de clases pasivas do Estado, experimentarán en 2018 un incremento do 0,25 por cento, de conformidade co previsto nos artigos 35 e 39.1 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 2017, e dos artigos 58 e 27 dos textos refundidos das leis xeral da Seguridade Social e de clases pasivas do Estado, respectivamente, sen prexuízo das excepcións e especialidades contidas nos puntos seguintes deste artigo e respectando os importes de garantía das pensións recoñecidas ao abeiro da lexislación especial de guerra que figuran no seguinte número 3.

Idéntica porcentaxe de incremento experimentarán as contías dos límites de percepción de pensións públicas, así como os importes dos haberes reguladores aplicables para a determinación inicial das pensións do réxime de clases pasivas do Estado e das pensións especiais de guerra.

2. Así mesmo, incrementaranse nun 0,25 por cento os importes das pensións mínimas do sistema da Seguridade Social e de clases pasivas, das pensións non contributivas, das prestacións familiares da Seguridade Social por fillo a cargo con dezaoito ou máis anos e cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65 por cento.

Igualmente, incrementaranse nun 0,25 por cento os importes das pensións do extinguido seguro obrigatorio de velez e invalidez non concorrentes, e as que concorran con pensións de viuvez dalgún dos réximes do sistema da Seguridade Social, ou cando concorran con algunha destas últimas e, ademais, con calquera outra pensión pública de viuvez, sen prexuízo da aplicación, á suma dos importes de todas elas, do límite establecido na disposición transitoria segunda do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, salvo que os interesados tivesen recoñecidos importes superiores con anterioridade ao 1 de setembro de 2005, caso en que se aplicarán as normas xerais sobre revalorización, sempre que, por efecto destas normas, a suma das contías das pensións concorrentes siga sendo superior ao mencionado límite.

3. As pensións en favor de familiares concedidas ao abeiro da Lei 5/1979, do 18 de setembro, en favor de familiares de falecidos como consecuencia da Guerra Civil, e da

Lei 35/1980, do 26 de xuño, de mutilados de guerra ex-combatentes da zona republicana, con excepción das pensións causadas polo persoal non funcionario en favor de orfos non incapacitados, así como da Lei 6/1982, do 29 de marzo, sobre retribución básica a mutilados civís de guerra, e as pensións de viuvez do título II da Lei 37/1984, do 22 de outubro, sobre recoñecemento de dereitos e servizos prestados a quen durante a Guerra Civil formou parte das Forzas Armadas e de Orde Pública e do Corpo de Carabineiros da República, calquera que sexa a súa data inicial de aboamento, non poderán ser inferiores á contía mínima das pensións de viuvez de maiores de 65 anos no sistema da Seguridade Social.

Así mesmo, as pensións en favor de causantes recoñecidas ao abeiro do título II da Lei 37/1984, do 22 de outubro, non poderán ser inferiores á contía mínima das pensións de xubilación, con cónxuxe a cargo, de maiores de 65 anos no sistema da Seguridade Social, calquera que sexa a súa data inicial de aboamento.

4. As pensións aboadas con cargo aos réximes ou sistemas de previsión enumerados no artigo 42 da Lei 37/1988, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1989, non indicadas nos parágrafos anteriores, experimentarán no ano 2018 o incremento que, se é o caso, proceda, segundo a súa normativa reguladora, sobre as contías percibidas en 31 de decembro de 2017.

5. Quedan exceptuadas do incremento establecido nos puntos anteriores deste artigo as pensións, prestacións e importes seguintes:

a) As pensións aboadas con cargo a calquera dos réximes ou sistemas de previsión enumerados no artigo 42 da Lei 37/1988, do 28 de decembro, cuxo importe íntegro mensual, sumado, se é o caso, ao importe íntegro mensual das outras pensións públicas percibidas polo seu titular, exceda o límite mensual de percepción das pensións públicas establecido no anexo I deste real decreto.

O disposto no parágrafo anterior non será aplicable ás pensións extraordinarias do réxime de clases pasivas do Estado e da Seguridade Social orixinadas por actos terroristas, nin ás pensións excepcionais derivadas de atentados terroristas recoñecidas ao abeiro do Real decreto lei 6/2006, do 23 de xuño, nin ás pensións recoñecidas en virtude da disposición adicional cuadraxésimo terceira da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

b) As pensións reguladas no título II do Real decreto 851/1992, do 10 de xullo, polo que se regulan determinadas pensións extraordinarias causadas por actos de terrorismo, que se adaptarán aos importes que correspondan conforme a súa lexislación propia.

c) As pensións de clases pasivas recoñecidas a favor dos legoeiros do Estado causadas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1985, con excepción daquelas cuxo titular só percibise esta pensión como tal legoeiro.

d) As pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez cando entren en concorrencia con outras pensións públicas, agás cando concorran con pensións de viuvez dalgún dos réximes do sistema da Seguridade Social, ou cando concorran con algunha destas últimas e, ademais, con calquera outra pensión pública de viuvez. Para estes efectos, non se considerarán pensións concorrentes a prestación económica recoñecida ao abeiro da Lei 3/2005, do 18 de marzo, aos cidadáns de orixe española desprazados ao estranxeiro, durante a súa minoría de idade, como consecuencia da Guerra Civil, nin a pensión percibida polos mutilados útiles ou incapacitados de primeiro grao por causa da pasada Guerra Civil española, calquera que fose a lexislación reguladora, nin o subsidio por axuda de terceira persoa previsto no texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, nin as pensións extraordinarias derivadas de actos de terrorismo.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, cando a suma de todas as pensións concorrentes, unha vez revalorizadas, e as do citado seguro obrigatorio de vellez e invalidez sexa inferior á contía fixada en 2018 para a pensión de tal seguro non concorrente, calculadas unhas e outras en cómputo anual, a pensión do seguro obrigatorio de vellez e invalidez revalorizarase nun importe igual á diferenza resultante entre ambas

as cantidades. Esta diferenza non ten carácter consolidable e é absorbible con calquera incremento que poidan experimentar as percepcións do interesado, xa sexa en concepto de revalorizacións ou por recoñecemento de novas prestacións de carácter periódico.

e) As pensións das mutualidades integradas no Fondo Especial da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado que, en 31 de decembro de 2017, xa alcanzasen as contías correspondentes ao 31 de decembro de 1973.

f) As pensións das mutualidades, montepíos ou entidades de previsión social referidas no artigo 40.dous da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 2017.

g) As contías dos límites de ingresos para o recoñecemento de complementos económicos por mínimos e das prestacións familiares da Seguridade Social.

h) Os importes mensuais do subsidio de mobilidade e compensación por gastos de transporte establecido no texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social, aplicado polo Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro.

i) A contía das prestacións económicas recoñecidas ao abeiro da Lei 3/2005, do 18 de marzo, aos cidadáns de orixe española desprazados ao estranxeiro, durante a súa minoría de idade, como consecuencia da Guerra Civil.

6. De acordo co establecido na disposición adicional sexta, punto un, do texto refundido da Lei sobre seguridade social dos funcionarios civís do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2000, do 23 de xuño, as pensións das mutualidades integradas no Fondo Especial da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado, cando fosen causadas con posterioridade ao 31 de decembro de 2012, experimentarán o 1 de xaneiro do ano 2018 unha redución, respecto dos importes percibidos en 31 de decembro de 2017, do 20 por 100 da diferenza entre a contía correspondente en 31 de decembro de 1978 ou, tratándose do Montepío de Funcionarios da Organización Sindical, en 31 de decembro de 1977, e a que correspondería en 31 de decembro de 1973.

7. Para os efectos do disposto neste artigo, as contías das pensións e prestacións públicas aplicables en 2018 serán as que figuran nos anexos I e II deste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Autorízanse o ministro de Facenda e Función Pública e a ministra de Emprego e Seguridade Social, no ámbito das súas competencias, para ditar as disposicións de carácter xeral que resulten necesarias para o desenvolvemento e execución deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2018.

Dado en Madrid o 29 de decembro de 2017.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia e para as Administracións Territoriais,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN

ANEXO I

Contías de pensións e prestacións públicas aplicables en 2018

I. Complementos por mínimos

1. Contías mínimas das pensións da modalidade contributiva do sistema da Seguridade Social para o ano 2018:

Clase de pensión	Titulares		
	Con cónxuxe a cargo – Euros/ano	Sen cónxuxe: unidade económica unipersoal – Euros/ano	Con cónxuxe non a cargo – Euros/ano
<i>Xubilación</i>			
Titular con sesenta e cinco anos	11.044,60	8.950,20	8.493,80
Titular menor de sesenta e cinco anos.	10.353,00	8.372,00	7.914,20
Titular con sesenta e cinco anos procedente de grande invalidez	16.567,60	13.426,00	12.741,40
<i>Incapacidade permanente</i>			
Grande invalidez.	16.567,60	13.426,00	12.741,40
Absoluta	11.044,60	8.950,20	8.493,80
Total: titular con sesenta e cinco anos	11.044,60	8.950,20	8.493,80
Total: titular con idade entre sesenta e sesenta e catro anos	10.353,00	8.372,00	7.914,20
Total: derivada de enfermidade común menor de sesenta anos	5.566,40	5.566,40	(1)
Parcial do réxime de accidentes de traballo: titular con sesenta e cinco anos	11.044,60	8.950,20	8.493,80
<i>Viuvez</i>			
Titular con cargas familiares.		10.353,00	
Titular con sesenta e cinco anos ou con discapacidade en grao igual ou superior ao 65 por 100		8.950,20	
Titular con idade entre sesenta e sesenta e catro anos.		8.372,00	
Titular con menos de sesenta anos		6.778,80	

(1) 55% da base mínima de cotización do réxime xeral.

Clase de pensión	Euros/ano
<i>Orfandade</i>	
Por beneficiario.	2.734,20
Por beneficiario menor de 18 anos cunha discapacidade en grao igual ou superior ao 65 por 100.	5.381,60
Na orfandade absoluta o mínimo incrementarase en 6.778,80 euros/ano distribuídos, se é o caso, entre os beneficiarios.	
<i>En favor de familiares</i>	
Por beneficiario.	2.734,20
Se non existe viúvo nin orfo pensionistas:	
Un só beneficiario con sesenta e cinco anos	6.609,40
Un só beneficiario menor de sesenta e cinco anos	6.228,60
Varios beneficiarios: o mínimo asignado a cada un deles incrementarase no importe que resulte de ratear 4.044,60 euros/ano entre o número de beneficiarios.	

Límite de ingresos para o recoñecemento de complementos económicos por mínimos:

– En 2018:

- Sen cónxuxe a cargo: 7.133,97 euros/ano.
- Con cónxuxe a cargo: 8.321,85 euros/ano.

2. Contías mínimas das pensións de clases pasivas para o ano 2018:

	A Pensión mínima mensual – Euros	B Ingresos anuais máximos – Euros
Pensión de xubilación ou retiro cando existe cónxuxe a cargo do titular	788,90	18.178,57
Pensión de xubilación ou retiro sen cónxuxe: unidade económica unipersoal	639,30	16.084,17
Pensión de xubilación ou retiro con cónxuxe non a cargo . . .	606,70	15.627,77
Pensión de viuvez	639,30	16.084,17
Pensión ou pensións en favor doutros familiares, onde «n» é o número de beneficiarios da pensión ou pensións	<u>623,20</u> n	7.133,97 + <u>8.724,80</u> n

No suposto de pensión ou pensións en favor doutros familiares que fosen percibidas por varios beneficiarios, a cifra resultante da columna A do cadro anterior non será inferior a 195,30 euros mensuais, respecto de cada un daqueles beneficiarios cuxos ingresos anuais non superen os que figuran na columna B. Non obstante, cando algún dos beneficiarios sexa orfo discapacitado menor de 18 anos cunha discapacidade en grao igual ou superior ao 65 por cento, a contía mínima que se recoñecerá ao devandito orfo será de 384,40 euros mensuais, sempre que cumpra o requisito de límite de ingresos citado.

Límite de ingresos para o recoñecemento de complementos económicos para mínimos:

En 2018: 7.133,97 euros/ano.

II. Contías doutras pensións e prestacións públicas

1. Límite máximo de percepción de pensión pública: 2.580,13 euros/mes ou 36.121,82 euros/ano.

2. Pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez (SOVI):

– Pensións do SOVI non concorrentes: 5.728,80 euros/ano.

– Pensións do SOVI concorrentes con pensións de viuvez dalgún dos réximes do sistema da Seguridade Social ou con algunha destas pensións e, ademais, con calquera outra pensión pública de viuvez: 5.560,80 euros/ano.

3. Pensións da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva: 5.178,60 euros/ano.

– Complemento de pensión para o alugamento de vivenda: 525 euros anuais.

4. Prestacións familiares da Seguridade Social:

– Asignación económica por fillo ou menor a cargo sen discapacidade: 291,00 euros/ano.

– Asignación económica por fillo ou menor a cargo cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento: 1.000,00 euros/ano.

- Asignación económica por fillo a cargo maior de 18 anos con discapacidade:
 - Cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65 por cento: 4.438,80 euros/ano.
 - Cun grao de discapacidade igual ou superior ao 75 por cento e con necesidade de concurso doutra persoa para a realización dos actos esenciais da vida: 6.658,80 euros/ano.
- Prestación por nacemento ou adopción de fillo, en supostos de familias numerosas, monoparentais e de nais con discapacidade establecida no artigo 357 e cuxa contía se recolle no artigo 358 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social: 1.000,00 euros.
 - Límite de ingresos para o recoñecemento das prestacións familiares da Seguridade Social por fillo ou menor a cargo:
 - Contía a que se refire o parágrafo primeiro do artigo 352.1.c) do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social (fillos ou menor a cargo sen discapacidade): 11.605,77 euros/ano.
 - Contía a que se refire o parágrafo segundo do artigo 352.1.c) do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social (familia numerosa): 17.467,40 euros/ano, incrementándose en 2.829,24 euros por cada fillo a cargo a partir do cuarto, este incluído.
- 5. Subsidios económicos do texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro:
 - Subsidio de garantía de ingresos mínimos: 149,86 euros/mes.
 - Subsidio por axuda de terceira persoa: 58,45 euros/mes.
 - Subsidio de mobilidade e compensación por gastos de transporte: 63,50 euros/mes.
- 6. Pensións asistenciais da Lei 45/1960, do 21 de xullo, e do Real decreto 2620/1981, do 24 de xullo: 149,86 euros/mes.
- 7. Contía da prestación económica establecida pola Lei 3/2005, do 18 de marzo: 7.201,25 euros/ano.

ANEXO II

Haberes reguladores das pensións de clases pasivas e contías aplicables ás pensións especiais de guerra

- I. *Haberes reguladores para a determinación inicial das pensións do réxime de clases pasivas do Estado*
 1. Haberes reguladores para a determinación inicial das pensións sinaladas ao abeiro do título I do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado.
 - a) Haberes reguladores para o persoal ingresado nalgún corpo, escala, praza, emprego ou categoría administrativa con posterioridade ao 1 de xaneiro de 1985:

Grupo / Subgrupo EBEP	Haber regulador – Euros/ano
A1	40.561,32
A2	31.922,78
B	27.953,57
C1	24.517,24
C2	19.397,20
E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais (EBEP)	16.537,66

b) Haberes reguladores para o persoal ingresado con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1985:

ADMINISTRACIÓN CIVIL E MILITAR DO ESTADO

Índice de proporcionalidade	Haber regulador – Euros/ano
10	40.561,32
8	31.922,78
6	24.517,24
4	19.397,20
3	16.537,66

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

Índice multiplicador	Haber regulador – Euros/ano
4,75	40.561,32
4,50	40.561,32
4,00	40.561,32
3,50	40.561,32
3,25	40.561,32
3,00	40.561,32
2,50	40.561,32
2,25	31.922,78
2,00	27.953,57
1,50	19.397,20
1,25	16.537,66

TRIBUNAL CONSTITUCIONAL

Corpo	Haber regulador – Euros/ano
Secretario xeral	40.561,32
De letrados	40.561,32
Xerente	40.561,32

CORTES XERAIS

Corpo	Haber regulador – Euros/ano
De letrados	40.561,32
De arquivistas-bibliotecarios	40.561,32
De asesores facultativos	40.561,32
De redactores, taquígrafos e estenotipistas	40.561,32
Técnico-administrativo	40.561,32
Administrativo	24.517,24
De subalternos	19.397,20

Haberes reguladores para a determinación inicial das pensións sinaladas ao abeiro do título II do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado

Haberes reguladores

ADMINISTRACIÓN CIVIL E MILITAR DO ESTADO

Índice de proporcionalidade	Grao	Grao especial	Importe por concepto de soldo e grao en cómputo anual/euros
10 (5,5)	8		27.191,30
10 (5,5)	7		26.443,99
10 (5,5)	6		25.696,71
10 (5,5)	3		23.454,79
10	5		23.073,22
10	4		22.325,96
10	3		21.578,67
10	2		20.831,32
10	1		20.084,02
8	6		19.402,78
8	5		18.805,07
8	4		18.207,31
8	3		17.609,56
8	2		17.011,84
8	1		16.414,08
6	5		14.781,36
6	4		14.333,19
6	3		13.885,09
6	2		13.436,88
6	1	(12 por 100)	14.493,58
6	1		12.988,70
4	3		10.937,49
4	2	(24 por 100)	13.051,13
4	2		10.638,64
4	1	(12 por 100)	11.547,11
4	1		10.339,76
3	3		9.443,77
3	2		9.219,65
3	1		8.995,58

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

Índice multiplicador	Importe por concepto de soldo en cómputo anual/euros
4,75	44.404,16
4,50	42.067,09
4,00	37.392,95
3,50	32.718,83
3,25	30.381,80
3,00	28.044,72
2,50	23.370,60
2,25	21.033,53
2,00	18.696,49
1,50	14.022,36
1,25	11.685,31

TRIBUNAL CONSTITUCIONAL

Corpo	Importe por concepto de soldo en cómputo anual/euros
Secretario xeral	42.067,09
De letrados	37.392,95
Xerente	37.392,95

CORTES XERAIS

Corpo	Importe por concepto de soldo en cómputo anual/euros
De letrados	24.471,40
De arquivistas-bibliotecarios	24.471,40
De asesores facultativos	24.471,40
De redactores, taquígrafos e estenotipistas	22.472,41
Técnico-administrativo	22.472,41
Administrativo	13.533,69
De subalternos	10.705,30

Trienios

ADMINISTRACIÓN CIVIL E MILITAR DO ESTADO

Índice de proporcionalidade	Valor unitario do trienio en cómputo anual/euros
10	878,41
8	702,74
6	527,01
4	351,39
3	263,53

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

Índice multiplicador	Valor unitario do trienio en cómputo anual/euros
3,50	1.635,93
3,25	1.519,10
3,00	1.402,24
2,50	1.168,51
2,25	1.053,12
2,00	934,84
1,50	701,12
1,25	584,28

TRIBUNAL CONSTITUCIONAL

Corpo	Valor unitario do trienio en cómputo anual/euros
Secretario xeral	1.635,93
De letrados	1.635,93
Xerente	1.635,93

CORTES XERAIS

Corpo	Valor unitario do trienio en cómputo anual/euros
De letrados	1.000,59
De arquiveiros-bibliotecarios	1.000,59
De asesores facultativos	1.000,59
De redactores, taquígrafos e estenotipistas	1.000,59
Técnico-administrativo	1.000,59
Administrativo	600,37
De subalternos	400,22

II. *Contías aplicables para a determinación inicial das pensións especiais de guerra*

Clase	Importe referido a 12 mensualidades - Euros
Pensión de mutilación recoñecida ao abeiro da Lei 35/1980	5.012,12
Suma de remuneracións básica, substitutoria de trienios e suplementaria en compensación de retribucións non percibidas da Lei 35/1980	13.517,56
Retribución básica recoñecida ao abeiro da Lei 6/1982	9.462,29
Pensións recoñecidas ao abeiro do Decreto 670/1976	6.005,15

A contía das pensións de orfandade en favor de orfos non incapacitados causadas por persoal non funcionario ao abeiro das leis 5/1979, do 18 de setembro, e 35/1980, do 26 de xuño, será de 1.842,68 euros anuais, referido a doce mensualidades.